

Consideracións a ter en conta:

- ***data:** 4 de abril (sábado)
- ***hora e lugar de saída:** 10.00 h. en Santiago da Meda
- ***lonxitude aprox.** 10 km.
- ***dificultade:** media, non precisa calzado especial.
- ***Saída e transporte:** existe a posibilidade de alugar un autobús dende Castroverde (ás 9.30 h.) até A Meda, onde se iniciará a viaxe (ás 10 h.).
- ***opción xantar:** rematada a andaina, as persoas que o desexen poderán xantar, previo aviso ao comenzo da mesma. (Precio aproximado 15 euros).




Chocolateira con testo

“...dende Bonxe ás feiras de Castroverde”



“Unha andaina que reproduce o percorrido realizado polos cacharreiros de Bonxe, e súas recuas de mulas cargadas con pezas de barro, até as feiras de Castroverde. Mundos e historias esquencidos dos cales apenas fica acordo na memoria colectiva”.



Xarra do viño

Bonxe, cacharreiros e cacharros.



...tazas, fonte, peto, taza do queixo, porrón, xarra, pucheiro, barreñón....

*“...heime chegar deica bonxe pra ver o barro cocer,
dende o abrente do día ós pechos do anoitecer...”*

Manuel María (Terra Chá)

...Todos posuíamos unha egua ou cabalo, moi coidados, para transportar as pezas. Marchabamos ás feiras alonxadas, tal que as de Meira e Castroverde, entre outras. Para esta última cargabamos a véspera e íamos dormir á Meda. Alí había varias casas onde facer noite dado que eramos unha recua de quince ou vinte...

Indalecio Lombao (Biografía)

....Acordo ir en moitas ocasións con cacharros a Castroverde. Quedabamos na Meda e con noite marchabamos até a feira logo de almorzar augardente con figos pasos...

Manuel do María (O Fiadeiro)

...A carga ía colocada en dous fardos, amarrados con leas, un a cada lado do lombo do animal. As pezas ficaban entre sacos de mostil e rodeliñas de palla de centeo...

Manuel do Poteiro (Conversas)

...Bonxe é unha parroquia de Outeiro de Rei, na Terra Chá. Dende moi vello foi terra de alfareiros, que na bisbarra se chaman cacharreiros. Os de Bonxe eran xentes de feira obrigados pola súa industria...

Manuel María (Andando a Terra)

2ª parte: A Meda - Castroverde

1. Santiago da Meda

- *“ameda” terra de ameneiros / a croa do castro*
- *a fonte dos namoros / auga para fregar os ollos*
- *dúas tabernas / facer noite / augardente e figos pasos*
- *as caleiras*
- *o antroido / as corridas do galo / sermón 1928 (V. Risco)*

2. San Pedro de Serés

- *Vilafrió / Pacios*
- *cinco muiños catastro ensinada*
- *o Monciro á esquerda (858 m.)*
- *ao fondo: serra do mirador (pradairo 1029m.)*

3. Santa Baia de Bolaño

- *a Cova da Valiña*
- *castro (Croat de Xivil / por riba dos 600 m.)*
- *ramal do camiño primitivo (hospital sXIV)*
- *Mosteiro S. Martiño (ano 897 / afonso III)*
- *construcións (pazo / hórreos ...)*
- *dez muiños no catastro de ensinada*
- *forno do cal de “pepe dorrego”*
- *a música. As bandas de bolaño/pena. O palco*

4. Castroverde

- *o “castro verde”*
- *o burgo vello / a fortaleza / o “gaiteiro na torre”*
- *o campo da feira / os cacharros chegan á montaña*